

Nome e apelidos:

Curso: Data:

Le con atención o texto e resolve as cuestións que se formulan sobre el.

Ledicia e mais Uxía, aínda que eran irmás por parte de pai, non se levaban ben.

Eran fillas do señor Xerome, que de pequeno emigrara a Panamá e regresara aos corenta anos convertido nun home rico. O primeiro que fixo ao volver foi comprar a mellor propiedade da parroquia. E aínda que xa había unha casaña no medio, levantou outra á beira do camiño imitando un pazo.

Despois pensou que debería casar, e buscou noiva. Ao pouco tempo casou con Flora, unha moza da mesma parroquia. Ao ano seguinte naceu a filla do matrimonio, pero a pobre Flora morreu no parto. Á criatura puxéronlle de nome Ledicia.

A nena criouna Tareixa, unha veciña que quedara viúva. Desempeñou as funcións de ama de cría e pouco a pouco foise encariñando coa rapaza. Un bo día, o señor Xerome pediulle que casase con el, e Tareixa aceptou.

Cando Ledicia tiña cinco anos, a señora Tareixa quedou embarazada, e xa aí naceu a xenreira cara á que sería a súa irmá.

Uxía pagoulle na mesma moeda. Se unha tiña un xoguete ou un vestido, a mesma cousa antollábaselle á outra. Na escola, se unha rifaba, a outra íalle axudar ao contrario; e máis tarde, cada unha procuraba quitarlle os pretendentes á outra.

Ao morrer Tareixa, as dúas irmás volvían tolo o pai. Ata que un día lle dixo Ledicia:

—Quero casar co Martiño, papá.

—Que alegría me dás, miña filla. O Martiño parece moi bo rapaz, así que contade coa metade desta herdade e a casa antiga.

Non obstante, a pesar de viviren separadas, as irmás seguían sen entenderse.

Xerome decidiu facer as partillas en vida, para evitar que andasen en preitos cando el morrese. Unha mañá foi ao notario e pediulle que puxese no testamento: «Déixolle a Ledicia a metade da propiedade que xa ten, xunto coa casa antiga. A outra metade e mais a casa nova son para Uxía. Pero como para a parte de Ledicia hai que entrar e saír pola de Uxía, esta ten que deixarlle paso para persoas, animais e vehículos de tracción animal».

O señor Xerome morreu tranquilo, e a cousa foi tirando... Pero, pasado o tempo, Martiño e Ledicia mercaron un coche e, cando quixeron atravesar o cacho que lle pertencía a Uxía, apareceu esta berrando:

—Co coche non podedes pasar por aquí! Só tendes paso para vehículos de tracción animal, non mecánica.

Pero Ledicia non lle fixo caso e pasou. A cousa esta vez acabou nos tribunais.

O xuíz, despois de estudar o caso con detalle, deulle a razón a Uxía e así o expresou na sentenza, onde quedaba claro que o paso era só permitido para vehículos de tracción animal e non podía estenderse aos de tracción mecánica.

Pero pasaban os días e o coche continuaba a pasar. Ledicia e Martiño foron citados ao xulgado a prestar declaración. O xuíz, moi serio, preguntoulles:

—Como é que a pesar da sentenza seguen a pasar o coche pola propiedade da súa irmá? Cren que poden tomar a broma a xustiza?

—Eu non desobedecín, señor xuíz; eu cumprín a sentenza e sígoa cumprindo —contestou Ledicia, sería tamén.

—Como é iso? Vostede segue pasando co coche, ou non?

—Si, señor, sigo pasando. Pero eu pasei co motor do coche apagado, e o meu home e mais eu empuxando. E como o paso é para vehículos de tracción animal...

Orencio Pérez González: *Contos da xustiza*, ed. Ir Indo (adapt.)

Entende o texto

1. Leticia e Uxía non se levaban ben, pero desde cando sucedía iso? Cal era o motivo?
2. Pon exemplos do texto onde se explica o mal que se levaban.
3. Uxía e Leticia eran... Elixe a opción correcta:
a) irmás xemelgas b) medio irmás c) curmás
4. Completa:
Leticia era filla de ... e mais de
Uxía era filla de ... e mais de
5. Por que decidiu facer as partillas o señor Xerome? Que dicía o seu testamento?

Analiza o contido e a forma

6. Explica a diferenza entre tracción animal e tracción mecánica. Consulta o dicionario se o precisas.
7. Busca no texto cinco palabras do campo semántico do Dereito e explica que significan.
8. Que significa a expresión «ama de cría»?
9. Canto tempo pasa desde o comezo do relato ata o final, moito ou pouco? Razona a túa resposta.
10. Clasifica os personaxes segundo a súa relevancia:
moi importantes (elixe tres) menos importantes

Reflexiona sobre o texto

11. Quen cres que leva razón, Uxía ou Leticia? Explica a túa resposta.
12. Tes irmáns ou irmás? Que tal vos levades?
 - Escribe unha pequena listaxe de consellos para evitar conflitos.

Desenvolve a túa creatividade

13. Continúa a historia de Uxía e Leticia ata que as dúas se poñan a ben.